

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 21 de xullo de 2017 pola que se redistribúen e minoran os créditos orzamentarios por epígrafes recollidos na Resolución do 14 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, para o ano 2017, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.

Mediante a Resolución do 14 de marzo de 2017 que foi publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 57, do 14 de marzo, establecéronse as bases reguladoras e convocáronse subvencións para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, para o ano 2017, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.

O financiamento da convocatoria correspóndese con fondos comunitarios derivados do programa Galicia 2014-2020 Feder nun 80 %.

No transcurso do procedemento administrativo de concesión das axudas, cando xa rematou o prazo de presentación de solicitudes (24.4.2017), nalgunha das epígrafes o número de solicitantes é inferior ao agardado, mentres que noutros o volume de axuda solicitada superou a dispoñibilidade orzamentaria, polo que cómpre facer unha redistribución de fondos entre as distintas epígrafes e liberar o crédito orzamentario sobrante que resultaría de atender todas as solicitudes.

De acordo co disposto no artigo 31 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro), cando a contía total máxima das subvencións convocadas se distribúa entre distintos créditos orzamentarios, a alteración da dita distribución non precisará de nova convocatoria pero si das modificacións que procedan no expediente de gasto e da publicación nos mesmos medios que a convocatoria.

Por todo o anterior, coa finalidade de incrementar a eficacia administrativa e a eficiencia na asignación de recursos públicos, maximizando o impulso das enerxías renovables atendendo a totalidade das solicitudes en cada unha das epígrafes da convocatoria.



RESOLVO:

Primeiro. Modificar o crédito destinado ás subvencións para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, para o ano 2017, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020, redistribuíndose do seguinte xeito:

Axudas á instalación de equipamentos térmicos de biomasa.

Beneficiarios	Aplicación orzamentaria	Orzamento inicial	Modificacións	Orzamento final
Administración pública autonómica	09.A2.733A.714.2	1.300.000,00	-378.241,88	921.758,12
Administración pública local	09.A2.733A.760.5	1.015.662,00	351.868,62	1.367.530,62
Empresas	09.A2.733A.770.5	2.000.000,00	-964.735,97	1.035.264,03
Entidades sen fins de lucro	09.A2.733A.781.1	350.000,00	-338.250,97	11.749,03
Total		4.665.662,00	-1.329.360,20	3.336.301,80

Segundo. A presente modificación, unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia*, non implicará apertura de prazo para presentar novas solicitudes.

Santiago de Compostela, 21 xullo de 2017

Ángel Bernardo Tahoces
Director do Instituto Enerxético de Galicia

